

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2016

<b>Nº DE PROTOCOLO<sup>(*)</sup></b>	CIAM/01/2016
--------------------------------------	--------------

<sup>(\*)</sup> A encher polo SXEA

<b>1.- ACTUACIÓN PROPOSTA</b>
Caracterización morfolóxica e multiplicación de novas variedades de cebola ( <i>Allium cepa</i> ) de Galicia.

<b>2.- ENTIDADE SOLICITANTE</b>		
Centro Institucional/Entidade Colaboradora: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo		
Enderezo: Estrada Betanzos-Mesón do Vento Km. 7,5 San Tirso de Mabegondo		
C. Postal: 15318	Concello: Abegondo	Provincia: A Coruña
Tfn: 881881801	Fax:	Correo electrónico: manuel.lopez.luaces@xunta.es

<b>3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA</b>
<p>Ano 2016:</p> <p>No ano 2014, fíxose dende o CIAM unha prospección de material vexetal de cultivares tradicionais de horta galegos. Entre todas as novas accesións, houbo 10 variedades ou ecotipos de cebola. É necesario facer un estudo morfolóxico de estas novas variedades, mediante a súa caracterización fenotípica, así como a posterior selección para a multiplicación de semente e a súa conservación no banco de xermoplasma.</p> <p>Esta caracterización é necesaria tanto para evitar duplicidades con variedades xa existentes no banco, como para atopar caracteres de interese en novas variedades que poidan ser introducidas no mercado, así como a recompilación de datos de variedades que poidan atoparse en risco de erosión xenética.</p> <p>Ano 2017:</p> <p>Unha vez caracterizadas as novas variedades, é necesario facer a multiplicación de semente, para a súa posterior conservación no banco de xermoplasma do CIAM.</p>

#### 4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2016:

O obxectivo no ano 2016, é a posta en campo das 10 variedades galegas de cebola atopadas na prospección feita no ano 2014, para a súa caracterización morfolóxica, para o que é necesario a obtención dos bulbos que serán caracterizados e posteriormente seleccionados para a obtención de semente.

Ano 2017:

No ano 2017, farase a multiplicación das variedades, xa que a cebola é unha planta bianual, que produce os órganos reprodutores no segundo ano de cultivo, despois de pasar un período de frío en cámara. A semente obtida, conservarase no banco de xermoplasma do CIAM, para posteriores ensaios agronómicos.

#### 5.- METODOLOXÍA

Ano 2016:

Estableceranse parcelas individuais de cultivo para cada unha das 10 variedades novas, cun mínimo de 100 plantas por variedade, xa que a caracterización deberá facerse sobre un mínimo de 60 plantas ou partes das plantas (bulbos).

O cultivo farase no exterior, sobre acolchado. Os tratamentos e prácticas culturais serán as habituais do cultivo.

Unha vez rematado o ciclo productivo, colleitaranse os bulbos, e secaranse para a súa conservación. A caracterización neste primeiro ano, farase sobre os bulbos, empregando os descritores da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV) e os do Instituto Internacional de Recursos Fitoxenéticos (IPGRI).

Unha vez caracterizados, seleccionaranse os bulbos que se empregarán para a obtención de semente no ano seguinte. Os bulbos seleccionados, conservarase en cámara a 4º, durante 4 meses, ata o momento do seu transplante.

Ano 2017:

No ano 2017, os bulbos seleccionados e conservados en cámara, transplantaranse a parcelas individuais, convenientemente ailladas do resto, para a obtención de semente.

O cultivo farase no exterior sobre acolchado, sendo necesario entutorar o cultivo para evitar o encamado das inflorescencias. Os tratamentos e prácticas culturais serán as habituais do cultivo.

Neste período, farase a caracterización de planta e de flor, empregando os descritores correspondentes da UPOV e do IPGRI. Unha vez que as inflorescencias estén completamente desenvoltas e a semente formada, colleitaranse estas inflorescencias para o seu secado e posterior trillado.

A semente así obtida, pasarase a conservar no banco de xermoplasma do CIAM. Esta semente empregarase como base para a futura caracterización agronómica das variedades.

## 6.- PLAN DE DIVULGACIÓN

### Reunións:

Ano 2016:

Ano 2017:

### Cursos:

Ano 2016:

Ano 2017:

### Demostracións:

Ano 2016:

Ano 2017:

Cando se establezan campos para a caracterización agronómica das variedades, poderanse organizar campos demostrativos para os centros de formación agraria, GDR, cooperativas e asociacións que así o requiran.

### Publicacións:

Ano 2016:

Ano 2017:

A partir dos resultados obtidos, poderanse facer artigos divulgativos cos datos das novas variedades.

### Outras:

Ano 2016:

Ano 2017:

Poderase facer a difusión de estas novas variedades a través de programas de temas agrarios da CRTVG ou de outras cadeas, así como tamén da prensa escrita.